

## Requisitos de uso do salón de actos

Toda persoa individual ou xurídica que desexe utilizar as dependencias da biblioteca para fins culturais pode solicitalo mediante instancia razonada, conforme ao modelo establecido e dirixido á Dirección da biblioteca.

Esta cesión é gratuíta. Calquera gasto ocasionado co motivo da montaxe ou mantemento do acto celebrado correrá a cargo do/a solicitante, así como calquera dano que puidera ocasionarse nas instalacións.

A persoa solicitante é a responsable de que se cumpran as medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca de Santiago no referente á realización de actividades culturais nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outras infraestruturas culturais, polas cales:

- Desinfección das mans antes da entrada utilizando o xel hidroalcólico.
- Uso da máscara obligatorio tanto para acceder á biblioteca como no interior en todo momento. As nenas e nenos menores de 6 anos non teñen a obriga de usar a máscara pero deben estar sempre baixo a vixilancia dunha persoa adulta que se responsabilice do cumprimento das normas de hixiene.

A biblioteca non se fai responsable dos danos, perdas... que puidesen sufrir os materiais dos/as solicitantes.

As solicitudes debidamente formuladas serán examinadas e contestadas pola biblioteca, condicionándose a cesión á dispoñibilidade dos espazos.

As actividades desenvolvidas durante a celebración do acto limitaranse única e exclusivamente a aquellas que foron autorizadas e nos termos correspondentes á súa aprobación.

No suposto que o acto a celebrar, unha vez autorizado, non se puidese levar a cabo por parte do titular da solicitude na forma ou nos prazos establecidos, deberá comunicarollo á biblioteca coa suficiente antelación.

O/a titular da solicitude pode promover actividades publicitarias en relación co acto autorizado correndo integralmente ao seu cargo tódolos gastos ocasionados ao respecto. A biblioteca decidirá se envía ou non desde a súa administración calquera publicidade sobre a actividade.

A interpretación do presente regulamento, así como a máxima decisión en todos aqueles casos ou supostos non previstos estatutariamente no mesmo, corresponden á Dirección da biblioteca.